

O I Torneo Helenes – Ranking Galego de Sabre celebrouse o 13 e 14 de Novembro de 2010 nas instalacións do Colexio SEK-Atlántico de Pontevedra.

O Sábado tivo lugar a proba para menores de 15 anos, onde participaron 18 tiradores de Galicia e Portugal.

O vibrante asalto da final masculina M-15 transcorreu entre a tensión e os ánimos do público, xa que estivo protagonizado por Telmo Fernández, da Escola Hungaresa, e Bruno Oliveira, do clube Sabristas de Porto, que acabou impoñéndose ao pontevedrés por un axustado 15-14.

En terceira posición ex-aequo acabaron os tiradores Carlos Olmedo e Víctor Pérez, ambos da Escola Hungaresa.

En sabre feminino M-15 as tiradoras de Pontevedra acapararon todas as medallas, impoñéndose Iria Monterroso a Antonella Bunimov na final.

Ángela de Faveri e Natalia Fernández foron terceiras.

O Domingo celebrouse a proba de categoría absoluta, onde participaron 30 tiradores de Galicia, Portugal e Madrid e onde estivo presente a Concelleira de Deportes de Pontevedra, Anxos Riveiro, presenciando as finais e facendo entrega das medallas aos tiradores participantes.

O asalto da final masculina, que xa leva camiño de converterse nun clásico da esgrima galega, enfrentou aos tiradores Daniel

De Faveri, do Club Escola Hungaresa, e Manel Villadóniga, do Club 100Tolos das Mariñas.

Esta vez o de Oleiros impúxose ao pontevedrés por un tanteo de 15 a 8.

O terceiro posto foi compartido polos tiradores portugueses Vasco Oliveira e Albertino Paulos.

En sabre feminino absoluto, Ruth Ballesteros, do Club de Esgrima Coruña, venceu na final á pontevedresa Iria Monterroso.

O terceiro posto foi compartido por Ana Barros e Natalia Fernández, do Club Escola Hungaresa.

Ao finalizar a proba absoluta individual levouse a cabo o torneo mixto por equipos, onde venceu o equipo masculino da Escola Hungaresa, formado por Daniel De Faveri, Manuel Tudela e Jorge Olmedo, fronte ao Clube EBAI de Portugal por un cómodo resultado de 45 tocados a 36.

No asalto polo terceiro posto enfrontáronse os equipos do Club Compostela Esgrima e o equipo feminino M-15 da Escola Hungaresa, formado por Iria Monterroso, Natalia Fernández e Antonella Bunimov, que a piques estiveron de dar a campanada protagonizando un espectacular asalto con remontada final incluída, pero que rematou con victoria dos composteláns por 45 tocados a 42, deixando aínda así un grande sabor de boca e unhas altas expectativas para este equipo que xa foi medalla de bronce no Campionato de España M-15 a pasada temporada.